# MEMORIA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN

## PROXECTOS NON PRODUTIVOS

| NOME E DENOMINACIÓN DO PROXECTO | ACRÓNIMO | CÓDIGO |
|---|---|---|
| "ARTE DO MAR"<br>TALLERES DE PROMOCIÓN ARTÍSTICA, AMBIENTAL E CULTURAL NA COSTA DA MORTE | ARTE DO MAR | |

| PERSOA DE CONTACTO | |
|---|---|
| NOME | APELIDOS |
| JOSÉ MANUEL | BARROS HERMIDA |
| SINATURA | |

| DATOS DA PERSOA DE CONTACTO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ENDEREZO | RÚA PORTELA, 18 | | | | |
| LOCALIDADE | CAMELLE | CÓDIGO POSTAL | 15121 | PROVINCIA | A CORUÑA |
| TELÉFONO | 608.60.90.42 | FAX | | CORREO ELECTRÓNICO | xosemanuelbarros@gmail.com |

# 2 DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS E RESULTADOS ESPERADOS DO PROXECTO

## 2.1 Cal é a contribución do proxecto aos obxectivos do FEMP e a estratexia e obxectivos Programa Operativo?

Seleccione, na seguinte táboa, **unha única prioridade de investimento e o obxectivo específico do FEMP** aos que se corresponde o proxecto para o que se solicita a axuda.

| PRIORIDADE DO FEMP | MARQUE CUN "X" | OBXECTIVOS ESPECÍFICOS (OE) DA PRIORIDADE DO FEMP |
|---|---|---|
| **PRIORIDADE 4:** Incrementar o emprego e a cohesión territorial | ☒ | Fomento do crecemento económico, a inclusión social, a creación e a mobilidade laboral nas comunidades costeiras e de interior dependentes da pesca e a acuicultura. Diversificación das actividades realizadas no marco da pesca e respecto doutros sectores da economía marítima. |
| **OUTRA PRIORIDADE** | | **OBXECTIVO ESPECÍFICO OUTRAS PRIORIDADES** |
| Identifique a prioridade (ver anexo II) | ☐ | Identifique o obxectivo (ver anexo II) |
| No caso de prioridade diferentes a 4 indicaranse os datos de execución do proxecto que correspondan de acordo co Regulamento(UE) nº 1242/2014 | | |

## 2.2 Cales son os indicadores de resultado previstos?

Indique o valor que se pretende alcanzar en cada un dos indicadores de resultados do obxectivo específico seleccionado no punto anterior durante o período xustificativo da axuda.

| INDICADORES DE RESULTADO | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADORES POR OBXECTIVOS ESPECÍFICOS** | **MARQUE CUN "X"** | **VALOR PREVISTO** | **UNIDADE DE MEDIDA** |
| **PRIORIDADE 4** | | | |
| **4a) e b) Fomento do crecemento económico, a inclusión social, a creación e a mobilidade laboral nas comunidades costeiras e de interior dependentes da pesca e a acuicultura. Diversificación das actividades realizadas no marco da pesca e respecto doutros sectores da economía marítima** | | | |
| Emprego creado | ☐ | | Emprego a tempo completo (*) |
| Emprego mantido (**) | ☐ | | Emprego a tempo completo |
| N.º de negocios creados | ☐ | | Número |
| N.º de proxectos de diversificación das actividades económicas na zona | ☒ | 1 | Número |
| N.º de proxectos promovidos por mulleres/xente nova (***) | ☐ | | Número |
| N.º de mulleres que participaron en actividades de formación | ☐ | | Número |

(*) Emprego a tempo completo (ETC) se corresponde ao número de persoas que traballan na empresa en cuestión, ou por conta allea, a tempo completo durante todo o ano de que se trate. Os efectivos calcúlanse en ETCs. Os que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración, ou o traballo estacional, cóntanse como fraccións de ETC.
Un ETC correspóndese a unha persoa contratada a xornada completa durante os 12 meses do ano. Unha persoa contratada a media xornada durante 6 meses ao ano contabilizaríase como 0,25 ETCs.
(**) Se contabilizarán so aqueles que estaban en risco de perderse antes da posta en marcha do proxecto.
(***) Un proxecto considerase promovido por mulleres cando estas teñan ao menos o 51% do capital social dunha sociedade. Entenderase por xente nova aos menores de 40 anos.

.
No caso de que o proxecto se encadra noutra prioridade, indicar os obxectivos específicos e os indicadores de resultados (ver anexo III)

| INDICADORES DE RESULTADO | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADORES POR OBXECTIVOS ESPECÍFICOS** | **MARQUE CUN "X"** | **VALOR PREVISTO** | **UNIDADE DE MEDIDA** |
| **PRIORIDADE** | | | |
| **OBXECTIVO ESPECÍFICO:** | | | |
| | ☐ | | |
| | ☐ | | |
| | ☐ | | |

## 2.3 Cales son os obxectivos e resultados previstos do proxecto?

| **OBXECTIVO XERAL DO PROXECTO** (describa o obxectivo xeral do proxecto e a súa relación co obxectivo específico do FEMP ou Programa Operativo) | **RESULTADOS** (identifique e xustifique os resultados previstos coa implementación do proxecto) |
|---|---|
| Experimentar e apoiar a figura do artista-cidadán seriamente comprometido, con accións concretas e innovadoras, para construír un futuro sensible ás necesidades dos seres humanos e á fraxilidade do noso entorno. | O artista cidadán debe cultivar a empatía, combatir as desigualdades e apelar á responsabilidade ambiental e cultural da sociedade actual.<br>Será prioritario para o nosos criterio que os Artistas de Arte do Mar, como artistas- cidadáns, se involucren e investiguen temas de conservación, ecoloxía, sustentatibidade, resiliencia, turismo de natureza e patrimonio natural e cultural da Costa da Morte.<br>Pretendemos que o artista-cidadán sexa un axente de cambio disposto a afrontar os desafíos do mundo contemporáneo ao tempo que participa de maneira activa nos programas ambientais que Mar de Fábula organiza cada ano. |
| OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROXECTO (describa un máximo de tres obxectivos específicos) | **CONTRIBUCIÓN DOS RESULTADOS** (como contribúen os resultados a conseguir os indicadores de resultado previstos?) |
| Reforzamento dos elementos medioambientais e patrimoniais (tradicional, cultura material e inmaterial). | Se pretende a través da preservación, conservación e recuperación dos elementos medioambientais e patrimoniais do territorio, a súa posta en valor así como a súa difusión entre o territorio, prestando especial atencións as futuras xeracións. |
| INDIQUE O GRAO DE CONTRIBUCIÓN AO OBXECTIVO ESPECÍFICO DA PRIORIDADE DO FEMP OU PROGRAMA OPERATIVO (marque cun "X") | **DESCRIBA A CONTRIBUCIÓN DO PROXECTO AOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO FEMP OU PROGRAMA OPERATIVO** |
| ☒ Alta<br>☐ Media<br>☐ Baixa | Promover a educación e concienciación ambiental entre a sociedade para o mantemento e utilización sostible da costa e do mar.<br>Actividades de difusión, concienciación pública e de sensibilización sobre o valor ambiental do territorio costeiro ofrecidos por o mar da Costa da Morte.<br>Visibilización de boas prácticas ambientais.<br>Realización de actividades participativas orientadas a públicos minoritarios ou especialmente sensibles aos efectos destas actividades de concienciación. |

## 2.4 Cal é a contribución do proxecto á Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) da zona pesqueira?

| | |
|---|---|
| En que obxectivo estratéxico se enmarca? | 2. Competitividade Sostible das actividades relacionadas co Mar. |
| En que obxectivo específico se enmarca? | 2.1 Reforzamento dos elementos medioambientais e patrimoniais (tradicional, cultural material e inmaterial). |
| En que liña de actuación se enmarca? | 2.1.1 Recuperación de elementos patrimoniais e ambientais do Mar. |
| En que medida se enmarca? | 2.1.1.2 Actuacións para a concienciación e a educación ambiental sobre os valores ambientais do territorio costeiro e do Mar |
| Cal é o grao de contribución do proxecto á EDLP? | ☒ Alta<br>☐ Media<br>☐ Baixa |
| Describa a contribución do proxecto á EDLP | Promoción e uso do patrimonio ambiental das zonas de pesca e da acuicultura, incluíndo operacións de combate do cambio climático.<br><br>Promover o benestar social e patrimonio cultural das zonas de pesca e da acuicultura, incluíndo pesca, acuicultura e patrimonio cultural marítimo.<br><br>Reforzar o papel das comunidades de pesca no desenvolvemento local e gobernanza dos recursos pesqueiros locais e actividades marítimas. |

## 2.5 Cal e o interese do equipo promotor na elección do Fondo FEMP en detrimento doutros fondos?

O seu interese radica na centralidade dos seu obxectivo con respecto ás entidades demandantes de recursos no territorio e á cercanía da xestión. Son fondos específicos para proxectos centrados nas melloras das comunidades asentadas no litoral con toda a súa carga de importancia dende o punto de vista de estructura social das comunidades pesqueiras e a súa contorna económica, social e ambiental. Ao tempo, a cercanía da xestión e a accesibilidade e amabilidade dos seus quipos profesionais na resolucións das dúbidas e trámites son factores determinantes na solicitude destos fondos.

## 2.6 Como contribúe o proxecto aos principios horizontais definidos nos Fondos Estruturais de Investimento Europeo?

| PRINCIPIOS HORIZONTAIS | | |
|---|---|---|
| DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE | ☒ Positivo<br>☐ Neutro<br>☐ Negativo | **DESCRICIÓN DA CONTRIBUCIÓN**<br>Inversión sostible e eficiente en canto a recursos.<br>Inversión sen impacto negativo de carácter medioambiental ou climático<br>O proxecto pretende estimular a sensibilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, en todo o territorio. |
| IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E NON DISCRIMINACIÓN | ☒ Positivo<br>☐ Neutro<br>☐ Negativo | **DESCRICIÓN DA CONTRIBUCIÓN**<br>Se promoverá a igualdade entre mulleres e homes, evitando toda a discriminación durante a preparación, execución e avaliación do proxecto. |

# 3 DESCRICIÓN DO PROXECTO OU PROGRAMA DE ACTIVIDADES QUE SE VAI DESENVOLVER

## 3.1 Desenvolvemento da actividade económica.

Responda "si", "non" ou "non aplica" ás seguintes cuestións relativas á realización dunha actividade económica.

| | |
|---|---|
| Vanse producir bens ou servizos que se van destinar ao mercado? En caso negativo, xustifique a resposta | SI ☐ NON ☒ (*) |
| | |
| Os bens ou servizos producidos van satisfacer unha necesidade de potenciais clientes? | SI ☐ NON ☐ NON APLICA ☐ |
| Vaise cobrar un prezo ou taxa polo bens ou servizos producidos? | SI ☐ NON ☐ NON APLICA ☐ |
| Actualmente no territorio, algunha organización realiza un labor similar ou substitutivo do que se pretende cubrir co desenvolvemento do proxecto? En caso negativo, xustifique a resposta. | SI ☐ NON ☐ NON APLICA ☐ |
| | |

(*) En caso de responder "non" á primeira cuestión, o resto non se aplicarían

## 3.2 Breve descrición do proxecto

| |
|---|
| **ACTIVIDADES DO PROXECTO** (Realice unha breve descrición indicando en que vai a consistir o proxecto, a súa localización. Indique as distintas actividades e infraestruturas que compoñen o proxecto, xustificando a necesidade destas para conseguir os obxectivos do proxecto). |
| Arte do Mar é un proxecto experimental onde os artistas traballan e conviven de maneira flexible e libre, liberando o seu potencial creativo, xa sexa desenvolvendo un proxecto individual ou unidos nun grupo con intereses comunes.<br><br>Os Talleres de Arte do Mar serán unha incubadora de novas ideas artísticas, ambientais e culturais. Serán un lugar de inspiración para o cambio, de cara a sociedades máis ecolóxicas, inclusivas e plenas. Vivimos nun mundo incerto, mergullado nunha sorte de crise permanente e neste contexto os artistas poden xogar un papel determinante na sociedade porque a arte é unha linguaxe simbólica que ten acompañado ao ser humano dende a súa orixe.<br><br>Con frecuencia, a arte vese reducida a un mero produto de consumo, moitas veces reservada á élites ou percibida como algo irrelevante nas nosas vidas Pero fronte as desigualdades e a problemática ambiental, a arte pode constituir un potente motor de cidadanía capaz de crear vínculos sociais e imaxinar outros mundos posibles, desenvolvendo a sensibilidade e pensamento crítico dos cidadans, inspirandonos para actuar.<br><br>Ao mesmo tempo, para os artistas deste proxecto será unha etapa importante que lles permite tomarse un tempo e un espazo para reflexionar e liberar o seu potencial creativo, construíndo novos escenarios e que pode ser determinante na súa futura vida profesional. |

**Actividades do Proxecto:**
**Actividade 1. Proposta experimental dos talleres de Arte do Mar.**

Unha parte dos obxectivos de Mar de Fábula neste proxecto é experimentar e apoiar a figura do artista-cidadán seriamente comprometido, con accións concretas e innovadoras para construir un futuro sensible ás necesidades dos seres humanos e á fraxilidade do noso entorno. O artista cidadán debe cultivar a empatía, combatir as desigualdades e apelar á responsabilidade ambiental e cultural da sociedade actual.

Será prioritario para o nosos criterio que os Artistas de Arte do Mar, como artistas- cidadáns, se involucren e investiguen temas de conservación, ecoloxía, sustentatibidade, resiliencia, turismo de natureza e patrimonio natural e cultural da Costa da Morte.

Pretendemos que o artista-cidadán sexa un axente de cambio disposto a afrontar os desafíos do mundo contemporáneo ao tempo que participa de maneira activa nos programas ambientais que Mar de Fábula organiza cada ano.

**Actividade 2. Avaliación do Bo Estado Ambiental de 3 praias-piloto no litoral da Costa da Morte.**

Entre outras actividades de sensibilización ambiental e dentro do proceso de loita iniciado hai sete anos contra a contaminación do lixo mariño no mar e no medio litoral, Mar de Fábula ten previsto levar adiante ata final de ano un novedoso proxecto : A avaliación do Bó Estado Ambiental (GES) en función dos parámetros fixados pola Unión Europea, de 3 praias-piloto situadas en concellos integrados na área do Galp Costa da Morte ( excepción feita do concello de Vimianzo que non ten praia).

**Actividade 3. Conferencia impartida por experto sobre a importancia do patrimonio natural e ambiental da Costa da Morte.**

**RELEVANCIA PARA A ZONA PESQUEIRA** (explique por que o proxecto é importante para a zona de pesca)

A limpeza e protección do medio mariño e do medio litoral está en primeiro lugar pero tamén queremos poñer en valor a importancia daactividade pesqueira do territorio, promover o patrimonio natural, artístico e ambiental así como o patrimonio cultural e marítimo- pesqueiro da Costa da Morte.

Queremos preservar a limpeza e biodiversidade da nosa paisaxe fomentando un turismo de natureza que fuxa da estacionalidade do verán porque a Costa da Morte é fermosa todos os meses do ano.

Queremos loitar contra a despoboación da bisbarra e que xurdan industrias baseadas na riqueza natural que estamos a coidar. Queremos cultivar a convivencia cidadán nas nosas vilas mariñeiras e traballar unidos por un futuro sostible.

Que mellor maneira de axudar a estos obxectivos que poñer un feixe de xente xoven, especialistas en diferentes disciplinas, ligados ao territorio, coas súas raíces na terra, a pensar e traballar de maneira crítica e constructiva, nun fervedoiro de ideas.

## 3.3 Cal é o ámbito de actuación do proxecto?

Indique a localización do proxecto e os concellos da zona de litoral aos que se estenderá a actividade do proxecto.

Ámbito territorial dos Concellos de A Laracha, Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Vimianzo, Camariñas e Muxía.

## 3.4 Descrición do interese do proxecto e do programa de actuacións necesarias para desenvolvelo.

### 3.4.1 Actividades do proxecto

**Actividade 1. Proposta experimental dos talleres de Arte do Mar.**

Unha parte dos obxectivos de Mar de Fábula neste proxecto é experimentar e apoiar a figura do artista-cidadán seriamente comprometido, con accións concretas e innovadoras para construír un futuro sensible ás necesidades dos seres humanos e á fraxilidade do noso entorno. O artista cidadán debe cultivar a empatía, combatir as desigualdades e apelar á responsabilidade ambiental e cultural da sociedade actual.

**Actividade 2. Avaliación do Bo Estado Ambiental de 3 praias-piloto no litoral da Costa da Morte.**

Entre outras actividades de sensibilización ambiental e dentro do proceso de loita iniciado hai sete anos contra a contaminación do lixo mariño no mar e no medio litoral, Mar de Fábula ten previsto levar adiante ata final de ano un novedoso proxecto : A avaliación do Bó Estado Ambiental (GES) en función dos parámetros fixados pola Unión Europea, de 3 praias-piloto situadas en concellos integrados na área do Galp Costa da Morte ( excepción feita do concello de Vimianzo que non ten praia).

**Actividade 3 -Conferencia**
Impartida por experto sobre a importancia do patrimonio natural e ambiental da Costa da Morte.